

Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

Data:

21-01-19

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións do 03/12/2018 e 13/12/2018
2. Informes
3. Oferta de número de prazas
4. Quenda aberta

Asistentes: M. Freire, G. Frutos, J. González, A. Mosquera, F. Omil, M.C. Palacios
S. González, E. Rodil

Excusan a súa asistencia: R.A. Guerra, C. Rodríguez

O día 21 de xaneiro ás 12:30 h na Sala X3.2 da ETSE, réunese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

1. Aprobación das actas da Comisión da Titulación do 03/12 do 2018 e do 13/12 do 2018

Apróbanse as actas da Comisión do 03/12/2018 e do 13/12/2018

2. Informes

Asuntos resoltos por correo electrónico.

2.1 Quinquenios. (Solicitada aprobación por correo electrónico con data do 09/01/2019)

Avaliada a documentación presentada polos solicitantes e seguindo o procedemento aplicado na reunión da comisión do GrEQ do día 13/12/2018 propuxéronse as seguintes valoracións:

- 1) M.C.S.C. FAVORABLE
- 2) O.S.F. MOI FAVORABLE
- 3) P.D.S. MOI FAVORABLE

2.2 Solicitude Sara González. (Solicitada aprobación por correo electrónico con data do 14/01/2019)



Solicita informe favorable da docencia impartida nos períodos 2007-2010 e 2014-2019 para solicitar o Certificado de Acreditación Nacional relativo á Avaliación Positiva da Docencia impartida. O informe foi FAVORABLE.

3. Oferta de número de prazas

Dende a vicerreitoría de Titulacións solicitan á ETSE a proposta da oferta de prazas para os graos para o curso 2019/2020. A proposta da comisión do Grao en Enxeñaría Química é manter os números do curso pasado segundo se indica na seguinte táboa.

Titulación / cotas	Nº de prazas
<i>Denominación da titulación</i>	
○ Oferta de prazas ordinarias	60
○ Oferta de prazas curso ponte (de ser o caso)	10 + 10
○ Cota de traslados nacionais	6
○ Cota de validación parcial de estudos estranxeiros	1
○ Oferta de prazas en dobres titulacións	-
○ Oferta de continuación en dobres titulacións	-
- Prazas titulación A	-
- Prazas titulación B	-
Intención de aumentar a oferta de prazas	
● <i>Oferta de prazas proposta</i>	-
● <i>Xustificación</i>	-

4. Quenda aberta


Dentro da oferta para prazas de intercambio SICUE para alumnos que veñan á USC vaise ofertar o TFG e as prácticas en empresa. De producirse a reciprocidade no envío recepción de alumnos destas materias será o criterio para manter o acordo.

Está en marcha o Concurso EDPR University Challenge del año lectivo 2019 (11ª edición) y del Roadshow

Realizarase unha visita a Repsol extraordinaria o 14 de Febreiro para un máximo de 40 alumnos. Terán preferencia os alumnos de 4º de grao en Enxeñaría Química, logo do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos e despois o resto dos alumnos que queiran asistir.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 13:00 h

En Santiago de Compostela, a 21 de xaneiro de 2019



Asdo.: Anuska Mosquera Corral
Coordinadora do Grao